

Ana Gil

XI Encontro, Bueu 2007

O domingo 19 de agosto do pasado verán 2007, iniciábase o XI Encontro de Embarcacións Tradicionais coa original iniciativa da I Certame de corais polifónicas "Ó son do mar", organizado pola Coral Polifónica de Bueu. Neste concerto preténdese ensalza-lo mundo do mar. O acto principal era un excelente concerto de habaneiras e cancións mariñeiras, no que participaron tres corais invitadas: Coral Polifónica de Rianxo, Coral Polifónica "Maruxía" de Bueu, Coral de URECA (Unión Recreativa de Empregados de Caixanova); más a coral anfitriona: Coral Polifónica de Bueu.

Foi un entrañable acto digno da mellor homenaxe que unha vila mariñeira lle pode facer a calquer persoa merecedora.

Como broche do concerto cada ano será homenaxeada unha persoa xubilada que tivese desenvolto a súa vida laboral no entorno do mar dende calquera das súas variantes. Nesta ocasión foi elixida Dona Teresa Queiruga Bastos, conocida como Teresa a "neta", a que co seu bo facer como mestra redeira na fábrica de Massó toda a súa vida, disfruta agora da jubilación aos 97 anos de idade. Ela nos fixo saber que o acto a enterneceu e emocionara tremendoamente, e que só tiña palabras de gratitudade para esta iniciativa da Coral Polifónica de Bueu. Unha digna homenaxe feita cando o homenajeado pode desfrutala icomo debe ser!



Durante toda a semana, un grupo de 20 socios Galos realizaba sesións (abertas a todo o público) de navegación tradicional nas embarcacións, e mantiña aberto o estaleiro de Purro para ser visitado, xunto coa exposición fotográfica na sala Amalia Domínguez.

O venres 24, as 16'30 do serán, coa forza do sol e a pleamar, facíase a botadura da gamela Manuela, na praia da Banda do Río. Esta gamela ten a peculiaridade de ser, no seu tempo, a auxiliar do bote polbeiro que se expón nunha sala do Museo Massó de Bueu. O polbeiro Manuel e a auxiliar Manuela.

“Saúdos aos navegantes que repetídes este ano. Boas singladuras mariñeiros.”

O sábado as 14,00 horas a Coral de Beluso interpretaba dende o peirao da lonxa unha Salve Mariñeira para recibir aos primeiros barcos do Encontro de Bueu. E é como non? unha vez máis ditos cantos nos extremeceron.

A comida de confraternización dos navegantes fixose no Centro social do Mar.

As 16'30 horas iniciábase a exhibición de navegación tradicional. De novo o mar enchíase de maxia: a traslación do tempo, o fermoso colorido, a ilusión e veteranía dos navegantes das diversas embarcacións tradicionais fixeron que por un día nos sentiramos orgullosos das nosas raíces. Dábase ademáis a circunstancia que ese día estaban no mar os rapaces da vela lixeira galega, nunha regata que organizaba o Club Náutico de Beluso. O espectáculo aínda era más fermoso: os más mozos nos séus barquiños ("de plástico" decímos nós bromeando coa súa composición) optimis e vauients, barcos de vela lixeira deportiva, eles no medio da ría e nós, os tradicionais, na enseñada de Bueu, entre Lapamán e a Pedra do Cabalo en Beluso.

Unha tarde de navegación placenteira con ventos portantes do N-NE e marexada.

Tras disfrutar da xornada, ao anoitecer, no Centro Social do Mar, proxectouse un traballo sobre a construcción da traíña Pescadoira. Neste acto dirixido polo seu creador Claudio Lamosa, onde se entrevistaba a Purro mestre carpinteiro na construcción de dita embarcación.

A noite pechabase de novo cunha actuación do coro de Beluso.

E así foi todo: entre Salve e Salve.

“Saúdos aos navegantes que repetídes este ano. Boas singladuras mariñeiros.”